

RESUMO DE CONTIDOS

Unha historia paralela: os pobos precolombianos e a Monarquía Hispánica

Xeografía e Historia |
2º ESO



Índice

1. Longa vida ao rei!: os Reis Católicos e o nacemento da Monarquía Hispánica.....	2
Quen foron os Reis Católicos?.....	2
Por que foron tan importantes os Reis Católicos?.....	2
Crearon España os Reis Católicos?.....	2
2. A ver que descubrimos!: unha época de exploracións.....	3
O S. XV e os grandes descubrimentos.....	3
As exploracións portuguesas.....	3
As exploracións castelás.....	4
3. Sorpresa, sorpresa!: quen estaba en América? Os pobos precolombinos.....	5
Características dos pobos precolombianos.....	5
Maías, aztecas e incas.....	6
4. Caderno de bitácora: evolución e organización da conquista.....	7
As características da conquista.....	7
A conquista de México.....	8
A conquista de Perú.....	8
Outras conquistas.....	8
As mulleres na conquista de América.....	8
5. Novos tempos: a nova sociedade hispánica.....	8
A administración e o goberno das colonias.....	8
A explotación económica das Indias.....	9
A sociedade colonial.....	9
A defensa da poboación indíxena.....	10
As consecuencias da colonización.....	10

1. Longa vida ao rei!: os Reis Católicos e o nacemento da Monarquía Hispánica

Quen foron os Reis Católicos?

Os Reis Católicos foron Isabel de Castela e Fernando de Aragón, dous monarcas que se casaron en 1469. O seu matrimonio uniu dous reinos importantes da península Ibérica: o reino de Castela e o reino de Aragón. Porén, é fundamental entender que esta unión foi unha unión dinástica, o que significa que cada reino seguía mantendo as súas leis, moedas, idiomas e costumes, malia a estar gobernados pola mesma parella real. Esta unión foi un paso importante cara a consolidación do poder dos monarcas fronte aos nobres e outros poderes locais.

Por que foron tan importantes os Reis Católicos?

Os Reis Católicos son unha figura central na historia porque iniciaron unha serie de cambios que configuraron a monarquía hispánica:

- Unificación territorial

En 1492 conquistaron o reino de Granada, o último bastión musulmán da península. Este feito puxo fin a séculos de convivencia entre cristiáns, musulmáns e xudeus, un proceso que transformou profundamente a sociedade.

Incorporaron outros territorios como as Illas Canarias e, posteriormente, o reino de Navarra, ampliando o control territorial baixo a monarquía.

- Centralización do poder

Reforzaron a autoridade real mediante a creación de institucións como a Santa Irmandade, unha especie de "policía" encargada de manter a orde e aplicar as leis reais, un exército permanente e profesional, un corpo de diplomáticos...

Reduciron o poder da nobreza e aumentaron o control directo sobre as vilas e cidades, consolidando un estado máis centralizado.

- Expansión territorial

En 1492 financiaron a expedición de Cristovo Colón, que levou á chegada a América. Isto marcou o inicio dun imperio colonial que transformou o mundo, cun impacto enorme tanto para Europa como para as poboacións indíxenas de América.

- Imposición da relixión cristiá

En 1492 promulgouse o Edicto de Granada, que obrigaba á conversión ou expulsión dos xudeus que non aceptasen o cristianismo. Anos despois, os musulmáns foron sometidos ás mesmas medidas.

En 1478 instituíuse o Tribunal da Inquisición para xulgar os delitos de fe e castigar a herexía. A uniformidade relixiosa converteuse na base do poder dos Reis Católicos.

Crearon España os Reis Católicos?

Non. Durante o tempo dos Reis Católicos, España como estado unificado non existía. A unión dos reinos de Castela e Aragón foi máis ben unha unión persoal que institucional. Cada reino tiña as súas propias leis, moedas e estruturas de goberno. A idea de España como un país unificado foi tomando forma ao longo dos séculos seguintes, especialmente baixo os Austrias.

Durante a época da ditadura de Francisco Franco (1939-1975), debido á manipulación e a reinterpretación dos feitos históricos, os Reis Católicos empregáronse como símbolo dos valores do novo réxime político (un único poder central forte, imposición do cristianismo e unha España homoxénea).

2. A ver que descubrimos!: unha época de exploracións

O S. XV e os grandes descubrimentos

No século XV, Europa viviu un período histórico de grandes cambios, entre eles a expansión dos seus coñecementos e fronteiras. Este período está marcado pola expansión territorial, os descubrimentos científicos e, sobre todo, o inicio da era das grandes exploracións. Durante este tempo, os europeos comezaron a explorar novas rutas marítimas para acceder a novos territorios, recursos e mercados.

As principais causas desta expansión foron:

- Necesidade de novas rutas comerciais co leste

En 1453 os turcos otománs toman Constantinopla e a ruta terrestre que conectaba Oriente e Occidente vese interrompida. Europa tiña un gran interese en acceder ás riquezas de Asia (especies, sedas, metais prezados) e necesita buscar alternativas.

- Avances na navegación

Para levar a cabo estas exploracións, foron necesarios grandes avances na navegación.

Algúns dos principais avances foron:

- A carabela: un barco novo que foi utilizado polos portugueses. Era máis lixeiro e manexable que outros barcos, o que facilitaba os longos viaxes polo mar.
- O compás: un instrumento que permitía orientarse no mar, especialmente útil nas grandes travesías.
- O astrolabio e o cuadrante: estes instrumentos permitiron mellorar a precisión na navegación, medindo a latitude e axudando aos navegantes atopar a súa localización en alta mar.

- Desexo de poder político e económico

Os monarcas de Europa querían expandir os seus territorios e, ao mesmo tempo, mellorar a súa economía, o que motivou a financiación de diferentes exploracións, como as portuguesas ou as castelás.

As exploracións portuguesas

Portugal foi un dos primeiros países en adentrarse nas exploracións marítimas, liderado polo Príncipe Henrique, coñecido como "O Navegante". A súa corte de Sagres converteuse nun centro de investigación e aprendizaxe, onde se reuniron os mellores cartógrafos, navegantes e científicos da época. Os principais obxectivos das expedicións portuguesas eran:

- Bordear o continente africano e ir establecendo novas rutas comerciais.
- Chegar a Asia para continuar co comercio das especias e outros produtos exóticos.

Principais exploracións portuguesas

- En 1415, Ceuta

Os portugueses pensaban que a conquista de Ceuta lle abriría as portas para controlar o norte de África pero equivocáronse. Os musulmáns xa dominaban a zona e non estaba dispostos a perder poder.

- En 1419, Arquipélago de Madeira

O dominio deste tipo de illas era moi importante para poder descansar nelas nos seus viaxes ata o sur. Eran un enclave estratéxico.

- En 1431, Arquipélago das Azores

Estaban deshabitadas cando as conquistaron os portugueses. A súa importancia estratéxica foi máis importante cando, anos despois, funcionaban como escala para as flotas cargadas de ouro e prata do Novo Mundo.

- En 1460, Golfo de Guinea

Os portugueses chamaron ao Golfo de Guinea "Costa dos Escravos", "Costa do Ouro" ou "Costa da Pementa", dependendo dos recursos que predominaban en cada zona. Este sistema de nomes reflicte a explotación económica que realizaban en función das riquezas locais.

- En 1468, Cabo de Boa Esperanza

Bartolomeu Dias, coñecido por ser o primeiro navegante en bordear o extremo sur de África e pasar do océano Atlántico ao Índico, abrindo así a ruta que chegaría a Asia.

- En 1498, India

Vasco da Gama foi o navegante que logrou culminar o proxecto de chegar a Asia, establecendo unha ruta marítima directa. Fíxoo seis anos despois de que Colón chegara a América.

- En 1500, Brasil

Pedro Álvares Cabral lideraba unha expedición portuguesa cara a India seguindo a ruta arredor de África. Porén, desviouse cara ao oeste, probablemente intencionadamente, e chegou a unha terra que máis tarde se coñecería como Brasil.

As exploracións castelás

Despois da conquista do reino de Granada, á coroa de Castela non lle quedaban territorios sobre os que expandirse na península ibérica polo que a raíña Isabel accedeu a financiar o proxecto de Cristovo Colón. Este navegante aseguraba que a terra era redonda e que, segundo os seus cálculos, podía chegar ás Indias navegando cara o oeste. Para isto, asinaron as Capitulacións de Santa Fe, polas cales Colón se reservaba a décima parte das riquezas conseguidas en ultramar e títulos.

As viaxes de Colón:

- A primeira viaxe

Colón partiu o 3 de agosto de 1492 coas tres famosas carabelas: a Pinta, a Niña e a Santa María. Tras semanas de navegación, chegou o 12 de outubro a unha illa que chamou San Salvador, no Caribe. Tamén explorou Cuba e La Española (actual República Dominicana e Haití), pensando que estaba en Asia. Este foi o inicio do contacto entre Europa e América.

- A segunda viaxe

Esta expedición foi máis grande e tiña como obxectivo colonizar as terras descubertas. Colón explorou novas illas, como Porto Rico e Xamaica, e fundou o primeiro asentamento europeo en América, chamado La Isabela, na actual República Dominicana. Porén, tamén tivo problemas coa poboación indíxena e conflitos entre os propios colonos.

- A terceira viaxe

Nesta viaxe, Colón explorou por primeira vez o continente americano, concretamente a costa de Venezuela, onde descubriu a desembocadura do río Orinoco. A pesar deste importante descubrimento, tivo dificultades en La Española debido a rebelións entre os colonos e foi arrestado e enviado de volta a Castela.

- A cuarta viaxe

Na súa última expedición, Colón buscou unha ruta que conectase o Atlántico coas Indias a través de América Central. Explorou as costas de Honduras, Nicaragua, Costa Rica e Panamá, pero non atopou o paso cara ao Pacífico. Esta viaxe foi especialmente difícil debido ás tormentas, enfermidades e ataques indíxenas.

- Sabías que...?

Colón nunca soubo que as terras que descubriu pertencían a un novo continente; ata o final da súa vida, el pensaba que chegara a Asia. Foi anos despois, en 1507, cando o cartógrafo alemán Martin Waldseemüller nomeou estas terras como "América" en honra ao navegante Américo Vespucio. Este explorador foi quen primeiro argumentou que se trataba dun "Novo Mundo" e non parte de Asia, grazas ás súas viaxes e análises xeográficas. As expedicións de Colón abriron o camiño para a colonización europea de América e marcaron o inicio dunha nova etapa na historia, onde o mundo se conectou a través do comercio, a cultura e as exploracións. Este descubrimento revolucionou o coñecemento xeográfico da época e transformou profundamente as relacións entre os continentes.

3. Sorpresa, sorpresa!: quen estaba en América?

Os pobos precolombianos

Características dos pobos precolombianos

Para axudarche no reto, tes que coñecer que pobos había antes da chegada de Cristovo Colón e cales eran as súas características a nivel social, económico, político, relixioso e artístico. Cando teñas toda a información poderás comparalo cos cambios que sufriron durante a conquista e, así, terás máis datos para reflexionar sobre si foi positiva ou negativa.

Como podes imaxinar, o continente americano era un territorio habitado desde había de máis 20.000 anos por culturas que se foron desenvolvendo, as chamadas precolombianas, moitas delas, creando civilizacións moi avanzadas, como a Maia, a Azteca e a Inca.

Cales eran as características comúns dos pobos precolombianos?

- Economía

A actividade económica principal era a agricultura, pero tamén se dedicaban á gandaría, á minaría e ao comercio. Usaban o troco.

- Sociedade

A sociedade estaba presidida polo rei ou emperador, seguido dos nobres, dos sacerdotes, do exército e do funcionariado. As clases baixas estaban formadas polo campesiñado, os comerciantes, os artesáns e os escravos.

- Relixión e arte

Eran politeístas e realizaban sacrificios humanos ás súas divindades. Edificaron grandes pazos e templos e realizaron esculturas de pedra, madeira ou ouro, ademais de obxectos de ourivaría.

- Obras públicas

Realizaron grandes obras de enxeñaría (pontes, murallas, camiños...) e tiñan coñecementos sobre astronomía e matemáticas.

Maías, aztecas e incas

Vas a coñecer as características das tres culturas precolombianas máis importantes, para que te fagas unha idea dos seus aspectos políticos, sociais, económicos, relixiosos e artísticos. Coñecelas, axudarache a comprender como cambiou a súa vida despois da conquista e valorar se a súa existencia mellorou ou empeorou.

- A cultura maia

- Desenvolveuse no territorio da maior parte de América Central, desde o norte de Belice ata Guatemala e o sur de México, entre os séculos V e XV.
- Organizábase en cidades-estado independentes.
- A sociedade estaba moi xerarquizada, sendo os grupos privilexiados o rei, a nobreza, os sacerdotes, os funcionarios e o exército, e os non privilexiados, os campesiños, os comerciantes e os artesáns.
- A súa principal actividade económica era a agricultura e o cultivo máis importante, o millo. Tamén, contaba cunha importante rede comercial (produtos téxtis, ferramentas, produtos agrícolas e escravos)
- Construíron moitas cidades arredor dos centros relixiosos máis importantes, ademais de grandes palacios e templos en forma de pirámide. A cidade máis importante era Chichén Itzá.
- Eran politeístas, sendo o deus máis importante Hun Hunahpu, deus do millo.
- Posuían técnicas avanzadas de regadío, cultivaban en socalcos, practicaban a escritura, usaban o 0 e tiñan un calendario moi complexo, sendo capaces de predicir eclipses.
- A cultura Maya entrou en decadencia no século X d.C., cando abandonaron as principais cidades.
- O pitz, ou xogo de pelota, antecedente do fútbol, pero máis prexudicial para os que perdían, xa que, crese, que sacrificaban aos perdedores en honor dos deuses do sol e da lúa.

- A cultura azteca

- Desenvolveuse no territorio da actual Guatemala e da maior parte de México, entre os séculos XIII e XVI.
- A capital do Imperio era Tenochtitlán, que dominaba un amplo territorio con millóns de habitantes e que se expandiu militarmente, sometendo a outras cidades e pobos, impoñéndolles impostos.
- A sociedade dividíase entre a elite, composta polo emperador (tlatoani), a nobreza, os sacerdotes, os guerreiros e os funcionarios, e o resto da poboación, composta por agricultores, artesáns, comerciantes e prisioneiros de guerra.
- A principal actividade económica era a agricultura, practicada nas chinampas ou illas artificiais sobre lagos.
- Destacou pola súa arquitectura relixiosa, con templos piramidais socalcados e outros escavados na rocha.
- Eran politeístas, destacando o deus Quetzalcoatl, ao que se lle ofrecían sacrificios humanos, sobre todo, prisioneiros de guerra.
- Tiñan unha escritura pictográfica e escribían poesía.

- A cultura inca
- Desenvolveuse nun territorio moi amplo, entre Colombia e Arxentina entre os séculos XII e XVI.
- A cidade máis importante era Cuzco.
- A sociedade dividíase entre a elite, composta polo Inca (rei) e a súa familia, os nobres, os sacerdotes e os xefes do exército (orejones) e o resto da poboación; agricultores, artesáns, comerciantes e escravos.
- A principal actividade económica era unha agricultura moi desenvolvida, na que destacaban os socalcos das zonas andinas, os avanzados sistemas de regadío e acuedutos e a gandaría.
- O estado repartía os excedentes agrícolas entre as zonas máis desfavorecidas.
- Eran politeístas, destacando Viracocha (deus creador) e o culto ao sol e á lúa.
- Realizaban sacrificios animais e, ás veces, humanos.
- A nivel construtivo, destacaron complexos arquitectónicos como Machu-Pichu.
- Desenvolveron unha escritura parcial ou quipus, cunha función administrativa, e levaron a cabo obras de enxeñaría civil, como unha rede viaria que conectaba todas as rexións do imperio coa cidade de Cuzco.

4. Caderno de bitácora: evolución e organización da conquista

As características da conquista

- Rapidez

A conquista foi un proceso rápido: cara a mediados do século XVI estaba practicamente terminada.

- Avances militares e técnicos

Os conquistadores contaban ao seu favor con avances militares e técnicos: armaduras, cascos, armas de fogo e incluso cabalos, descoñecidos en América, e que sorprenderon a poboación indíxena.

- As profecías indíxenas

Varios pobos indíxenas tiñan profecías que anunciaban a chegada de deuses. Nun primeiro momento, algúns conquistadores foron identificados con eses deuses, o que facilitou un bo recibimento por parte da poboación local.

- Novas enfermidades

Os europeos portaban consigo enfermidades para as que a poboación indíxena non estaba inmunizada, e entre a que produciron unha elevada mortalidade.

- As capitulacións de conquista

A conquista foi unha empresa privada, financiada polos propios conquistadores, normalmente fidalgos con ansia de fortuna. A coroa concedíalle unhas capitulacións, é dicir, autorizacións de conquista dun territorio. Unha vez conquistado, o territorio pasaba a ser propiedade do monarca. Este outorgaba ao conquistador un título de goberno das novas terras e unha parte do botín.

A conquista de México

Hernán Cortés, un fidalgo estremeño, chegou ás costas de México en 1519, e alí fundou a cidade de Veracruz. No interior do territorio atopou aos aztecas, que o confundiron co seu deus Quetzalcóatl e levárono ante o rei Moctezuma. Aproveitando a rivalidade entre os aztecas e outros pobos sometidos por eles, Cortés fixo prisioneiro a Moctezuma e tomou a capital Tenochtitlán. Unha sublevación azteca expulsou aos casteláns, aínda que Cortés conseguiu conquistar de novo o territorio e someter a poboación indíxena en 1521.

A conquista de Perú

Francisco Pizarro, tamén estremeño, chegou a Perú en 1531 cun reducido exército. Beneficiouse dos enfrontamentos entre os incas para apresar e executar o seu soberano, Atahualpa, e conquistar Cuzco, a capital do imperio.

Outras conquistas

- Chile

Diego de Almagro, compañeiro de Pizarro, emprendeu desde Perú a conquista de Chile. Esta sería terminada por Pedro de Valdivia (1541).

- América Central

En América Central conquistouse Panamá, Guatemala, Honduras e a península do Iucatán, berce da civilización maia. Estas empresas foron dirixidas por Hernán Cortés, Vasco Núñez de Balboa e Pedro de Alvarado.

- América do Norte

As exploracións e conquistas en América do Norte chegaron ata Florida, Texas e California, comandadas por Juan Ponce de León ou Álvaro Núñez Cabeza de Vaca.

- Exploración do Amazonas

En 1542 Francisco de Orellana realizou a primeira exploración do río Amazonas.

As mulleres na conquista de América

Aínda que foi unha tarefa reservada case exclusivamente para os homes, houbo tamén mulleres que xogaron un papel destacado na conquista de América. Moitas foron reclamadas na fase de conquista para contribuír á colonización. Mais houbo tamén mulleres involucradas de xeito activo en tarefas de conquista, como Isabel de Guevara, e de goberno, como Beatriz de la Cueva (gobernadora de Guatemala). María de Estrada foi outra destas conquistadoras: tomou parte na conquista de Tenochtitlán.

5. Novos tempos: a nova sociedade hispánica

A administración e o goberno das colonias

Unha vez conquistados, os novos territorios eran incorporados á coroa de Castela. Esta impuxo en América un sistema administrativo e de goberno semellante ao vixente na metrópole:

- Consello de Indias: Era o máximo organismo de goberno, con sede en Castela. Tamén redactaba as leis que estarían vixentes na América hispánica.

- Vicerreinados: O territorio conquistado dividiuse en dous vicerreinados: o de Nova España e o de Perú. Cada un deles estaba gobernado por un vicerrei, representante directo do monarca en América.
- Gobernacións: Os vicerreinados dividiáanse en gobernacións ou provincias, cada unha encabezada por un gobernador.
- Cabidos: Os cabidos ou municipios eran as unidades territoriais máis reducidas, gobernadas por un concello.
- Audiencias: Eran os organismos encargados de impartir xustiza.

A explotación económica das Indias

- Minaría

Foi a actividade económica máis destacada. Dela extraíanse metais preciosos: ouro e, sobre todo, prata. Os xacementos máis importantes foron os de Zacatecas (México) e os de Potosí (Bolivia). A gran riqueza deste último deu lugar á expresión “valer un potosí” para referirmonos a algo moi valioso.

Nas minas a poboación indíxena era obrigada a realizar traballos forzados mediante o sistema da mita.

- Agricultura e gandaría

Realizábase en grandes extensións denominadas facendas. Nelas empregábase man de obra indíxena segundo o réxime da encomenda, polo que unha persoa colonizadora exercía o dominio sobre unhas terras e tamén sobre as persoas que as traballaban, a cambio de darlles alimento e adoutrinalas no cristianismo. Nas plantacións adoitaban realizar traballos forzados escravos negros levados de África.

Entre os cultivos americanos destacan o millo, a pataca, o tomate, o cacao e o tabaco. Pola súa banda, desde Europa introduciuse en América o trigo, a vide, a oliveira, a cana de azucre e animais como o porco e o cabalo.

- Comercio

O comercio coas novas colonias era monopolio exclusivo da metrópole. Organizábase desde a Casa de Contratación, situada en Sevilla. Ademais de metais preciosos e produtos agrarios, o comercio incluía as manufacturas e mercadorías que se introducían en América desde Europa, e tamén o tráfico de escravos de África.

A sociedade colonial

A colonización impuxo unha nova estrutura social en América, moi xerarquizada e organizada segundo criterios raciais en función da mestizaxe:

- Crioulos/as

Descendentes de persoas europeas pero nadas en América, eran o grupo dirixente e propietario das terras, e situábanse no nivel máis alto da escala social.

- Mestizos/as

Descendentes de españois e indíxenas, situábanse nun posto intermedio.

- Indíxenas

A poboación local constituía o grupo social máis numeroso. Desempeñaban tarefas agrarias e mineiras, a miúdo en condicións moi duras, a pesar de existir leis que en teoría debíanlles dar protección.

- Poboación escrava negra

Levada de África, as súas condicións eran aínda máis penosas que as da poboación indíxena, ao non estar protexida por ningunha lei.

Os estamentos da sociedade colonial chegaron a estar tan xerarquizados que se inventaron denominacións para todas as combinacións de grupos sociais: albarazado, calpamulato, saltaatrás...

A defensa da poboación indíxena

Os sistemas de traballo obrigatorio impostos polos colonizadores, como a encomenda e a mita, supoñían un abuso sobre as persoas indíxenas, sometidas a unha situación próxima á escravitude. A coroa de Castela estipulara desde os primeiros tempos da conquista que a poboación dos territorios conquistados debía ver respectada a súa liberdade. As Leis de Burgos e máis tarde as Leis Novas condenaban o maltrato cara ás persoas indíxenas. Esta realidade foi denunciada por eclesiásticos como Antonio de Montesinos ou Bartolomé de las Casas. Este último foi especialmente crítico coas inxustizas exercidas polos conquistadores, promovendo un trato pacífico da poboación indíxena. O seu libro *Brevísima descripción da destrución das Indias*, publicado en 1552, relata algúns deses abusos, chegando a ter unha notable repercusión.

As consecuencias da colonización

A conquista e colonización de América foi un fenómeno de enorme magnitude. Entre as consecuencias máis relevantes destacan as seguintes:

- Demográficas
 - Descenso significativo da poboación indíxena, afectada por epidemias levadas coa conquista.
 Calcúlase que en cen anos morreu aproximadamente o 90% da poboación nativa.
- Movementos migratorios de poboación europea cara ás colonias.
- Tráfico de poboación africana cara a América en condicións de escravitude.
 - Políticas
 - Abolición dos sistemas políticos e administrativos indíxenas. Desaparición dos imperios maia e inca, ademais doutras estruturas políticas.
 - Creación de grandes imperios coloniais.
 - Hexemonía da Monarquía Hispánica.
 - Económicas
 - Novas rutas comerciais a través do Atlántico, que despraza ao Mediterráneo como centro do comercio internacional.
 - Enriquecemento da Monarquía Hispánica grazas ao ouro, a prata e outros recursos naturais extraídos das colonias.
 - Intercambio de cultivos e outros produtos entre Europa e América.
- Ideolóxicas e culturais
 - Demostrouse a esfericidade da Terra e que o mundo era máis grande do que se pensaba ata entón.
 - Desaparición de culturas e linguas autóctonas de América.
 - Imposición da cultura da metrópole sobre os pobos dominados.



“Unha historia paralela. Os pobos precolombianos e a Monarquía Hispánica”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)